

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 20 DE AGOSTO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte de agosto de dous mil vinte, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; e dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

Tendo en conta o expediente de contratación remitido a esta Alcaldía para a contratación do servizo de asistencia técnica que ten por obxecto a redacción do proxecto, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das obras de mellora da eficiencia enerxética na iluminación do Concello de Cambre, dentro da Convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020.

Considerando que os prazos para a tramitación e xustificación da subvención concedida para as citadas actuacións xustifican a necesidade de incoar o citado procedemento de contratación á maior brevidade posible.

Visto o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

“a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.”

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º.- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000025, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), do servizo de asistencia técnica que ten por obxecto a redacción dos proxectos, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das obras de mellora da eficiencia

enerxética na iluminación do Concello de Cambre, dentro da convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de agosto de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que o Pleno municipal, en sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2020, aprobou a participación do Concello de Cambre no procedemento de concesión de subvencións regulado polo Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE núm. 144, do 17 de xuño de 2017), modificado polo Real Decreto 1516/2018, do 28 de decembro (BOE núm. 314, do 29 de decembro de 2018), e o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril (BOE núm. 130, do 30 de abril de 2019), así como as actuacións incluídas no proxecto singular “*Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante a implementación de solucións LED*” e as memorias descritivas das actuacións para realizar.

Visto que este acordo foi modificado en sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal, de data 16 de marzo de 2020, tralo requirimento de emenda recibido do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE).

Visto que con data 3 de xuño de 2020 recíbese resolución do IDAE, rexistrada de saída deste organismo ao núm. 202000004299 ou día 1 de xuño de 2020, pola que se concede ao Concello de Cambre unha axuda por importe máximo de 1.480.620,71 euros, segundo desagregación que consta na citada Resolución, e establécense as condicións e termos para o seu outorgamento.

Visto que o Pleno do Concello de Cambre, en sesión extraordinaria do día 15 de xuño de 2020, acordou aceptar a axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), por importe máximo de 1.480.620,71 euros, ao amparo e de conformidade co establecido no Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, modificado polo Real Decreto 1516/2018, do 28 de decembro, e o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, para levar a cabo o proxecto de “*Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante a implementación de solucións LED*”, e aceptar os termos e as condicións establecidas na Resolución do IDAE, rexistrada de saída ao núm. 202000004299 o día 1 de xuño de 2020, para a concesión da axuda.

Visto que, co fin de levar a cabo as actuacións subvencionadas, con data do 29 de xullo de 2020, elaborouse polo enxeñeiro técnico industrial municipal don Ignacio Fernández Díaz, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios e xustificación da elección do procedemento, para a contratación do servizo de asistencia técnica que ten por obxecto a redacción dos proxectos, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das obras de mellora da eficiencia enerxética na iluminación do Concello de Cambre, dentro da Convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020.

Visto que nesa mesma data do 29 de xullo de 2020, asínase polo enxeñeiro técnico industrial municipal o informe técnico relativo aos criterios de valoración , solvencia esixible aos licitadores, réxime de penalidades e sancións, e condicións especiais de execución do contrato , e se elabora o prego de prescricións técnicas para a contratación deste servizo, dividíndose o obxecto do contrato en cinco lotes, e cun valor estimado total de 93.893,00 euros e un orzamento base de licitación de 101.619,43 euros, IVE incluído.

Visto que os lotes nos que se divide o contrato son os seguintes:

- LOTE 1: Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista CA-CAMBRE.
- LOTE 2: Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista AB- A Barcala.
- LOTE 3: Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista O Temple
- LOTE 4: Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista CE-CECEBRE (Polígono do Espírito Santo).
- LOTE 5: Coordinación de seguridade e saúde para cada unha das actuacións (lotes 1-4) previstas.

Visto que con data de 14 de agosto de 2020 emitíuse *"informe técnico complementario relativo aos criterios de valoración, solvencia, condicións de execución e penalidades administrativas da contratación do servizo de asistencia técnica que ten por obxecto a redacción do proxecto e dirección facultativa das obras de mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública no Concello de Cambre dentro da convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020"* polo enxeñeiro de camiños municipal, xefe da sección de servizos.

Visto que consta emitido documento de retención de crédito pola Intervención Municipal de data 3 de agosto de 2020, respecto da existencia no orzamento de 2020 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 165.22706

Visto que, respecto do procedemento de adxudicación, na memoria xustificativa propónse como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado, iso a teor do establecido nos artigos 131.2 e 159 e seguintes da LCSP

Visto que nos informes técnicos constan os criterios de adxudicación aplicables aos cinco lotes, diferenciándose para cada un deles entre criterios avaliados mediante xuízo de valor, (aos que, en cumprimento do establecido no artigo 159 LCSP se lles aplica unha porcentaxe do 45 % por se tratar de servizos intelectuais), e criterios valorables de forma automática, (cunha porcentaxe do 55 %).

Visto que, así mesmo, consta na memoria o orzamento base de licitación do contrato, así como o valor estimado:

Orzamento base de licitación :

	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3	LOTE 4
Recopilación datos previos	500,32 €	700,03 €	1.700,01 €	700,03 €
Estudios lumínicos	1.040,00 €	1.030,00 €	3.050,00 €	1.030,00 €
Caracterización redes existentes	822,00 €	818,00 €	818,00 €	818,00 €
Redacción proxecto de execución	2.396,00 €	2.496,00 €	4.510,88 €	2.696,00 €
Edición proxecto básico y de execución	300,00 €	300,00 €	440,02 €	310,00 €
Gastos asociados al proxecto: seguros y visados	500,00 €	500,00 €	1.010,00 €	500,00 €
Control de calidad	240,00 €	240,00 €	540,00 €	240,09 €



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

TOTAL REDACC. PROYECTO EJECUCION	5.798,32 €	6.084,03 €	12.068,91 €	6.294,12 €
Recopilación datos previos /evaluación	480,32 €	500,03 €	800,01 €	600,03 €
Durante el desarrollo de la obra	2.600,00 €	2.600,00 €	4.544,00 €	2.600,00 €
Durante el fin de obra (último mes)	842,00 €	814,00 €	1.314,50 €	854,09 €
Control de calidad	440,00 €	440,00 €	540,00 €	440,00 €
Elaboración de documentación de fin de obra	300,00 €	300,00 €	540,40 €	350,00 €
Edición de documentación de fin de obra	500,00 €	500,00 €	500,00 €	500,00 €
Seguimiento en periodo garantía	240,00 €	240,00 €	1.440,00 €	250,00 €
Redacción documentos justificativos	396,00 €	690,00 €	2.390,00 €	700,00 €
TOTAL DIRECCIÓN DE OBRA	5.798,32 €	6.084,03 €	12.068,91 €	6.294,12 €
PEM	11.596,64 €	12.168,06 €	24.137,82 €	12.588,24 €
GASTOS GENERALES 13%	1.507,56 €	1.581,85 €	3.137,92 €	1.636,47 €
BENEFICIO INDUSTRIAL 6%	695,80 €	730,08 €	1.448,27 €	755,29 €
PRESUPUESTO PARCIAL	13.800,00 €	14.479,99 €	28.724,01 €	14.980,01 €
IVA 21 %	2.898,00 €	3.040,80 €	6.032,04 €	3.145,80 €
PEC	16.698,00 €	17.520,79 €	34.756,05 €	18.125,81 €

	LOTE 5
Actuaciones previas	800,01 €
Supervisión Plan Sys	1544,00 €
Supervisión durante el desarrollo de la obra	2889,08 €
Control de documentación Sys	550,00 €
Control de documentación contratistas	540,10 €
Edición de documentación incidencias	500,00 €
Seguimiento de trabajos	1920,00 €
Redacción documentos justificativos	1340,00 €
TOTAL COORDINACIÓN Sys	10.083,19
PEM	10.083,19 €
GASTOS GENERALES 13%	1.310,81 €
BENEFICIO INDUSTRIAL 6%	604,99 €
PRESUPUESTO PARCIAL	11.999,00 €
IVA 21 %	2.519,79 €
PEC	14.518,79 €

TOTAL ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN DO CONTRATO (5 lotes): 83.983,00 euros máis o 21 % de IVE (17.636,43 euros €) fan un total de 101.619,43 euros.

O importe deste contrato está cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional no marco "Programa Operativo FEDER de crecemento sosteñible 2014-2020" (BOE nº 144 de 17 de xuño de 2017), modificado polo Real Decreto 1516/2018, de 28 de decembro (B.O.E. nº 314, de 29 de decembro de 2018), e o Real Decreto 316/2019, de 26 de abril (B.O.E. nº 130, de 30 de abril de 2019), dentro do *Objetivo Temático 4 – Economía Baja en Carbono*.

O obxectivo específico no que se enmarca a operación é "OE 431. *Eficiencia energética en la edificación y en las Infraestructuras y servicios Públicos.*"

O valor estimado dos diferentes lotes que conforman o contrato sería o seguinte:

LOTE	VALOR ESTIMADO (prezo sen IVE)
Lote nº 1	13.800,00 euros
Lote nº 2	14.479,99 euros
Lote nº 3	28.724,01 euros
Lote nº 4	14.980,01 euros
Lote nº 5	11.999,00 euros

Total valor estimado 5 lotes (prezo sen IVE) = 83.983,00 euros

Vista a providencia desta concellería de data 3 de agosto de 2020, de inicio do expediente de contratación, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola Secretaria accidental e polo Interventor municipal con data de 18 de agosto actual.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para dar cumprimento ás competencias municipais en materia de iluminación pública, que constitúe un servizo mínimo obrigatorio en tódolos municipios, ao abeiro do establecido no artigo 26.1.a) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ante a insuficiencia dos medios persoais e materiais cos que conta o Concello de Cambre para poder levar a cabo estas tarefas tan específicas, dada a dimensión da actividade e a complexidade da organización necesaria para a redacción dos proxectos necesarios para poder contratar as actuacións subvencionadas, o control e dirección das obras e maila coordinación de seguridade e saúde, segundo informe emitido polo enxeñeiro técnico industrial municipal, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C004/000025, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adjudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación

automática), correspondente ao servizo de asistencia técnica que ten por obxecto a redacción dos proxectos, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das obras de mellora da eficiencia enerxética na iluminación do Concello de Cambre, dentro da Convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020, dividíndose o obxecto do contrato en cinco lotes, e cun valor estimado total de 83.983,00 euros e un orzamento base de licitación de 101.619,43 euros, IVE incluído, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 165.22706, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por :

- Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós.
- Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanöe e, como suplente, o enxeñeiro de camiños municipal – xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño.

- Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente
Juan González Leirós

A secretaria accidental
Verónica María Otero López